

ASUNTO: COMUNICADO
"A AFILIACIÓN SOCIALISTA ELIXE A PABLO MOREDA COMO CANDIDATO Á ALCALDÍA"

O pasado sábado, 21 de febreiro, a asemblea da Agrupación Local de Cedeira do PSdeG-PSOE elixeu por unanimidade a *Pablo Moreda Gil* como cabeza de lista da candidatura socialista á Alcaldía. Pablo Moreda, que iniciou dende moi novo o seu compromiso formal co socialismo en Foz, a súa terra natal, supón unha rexeneración da proposta electoral do partido. Con 42 anos combina xuventude e experiencia, cualidades que, entre outras, marcan unha gran distancia coas vellas fórmulas representadas por outras forzas.

Este traballador autónomo, que recala no municipio no ano 2002, como non podía ser doutra maneira, "casa en Cedeira cunha rapaza da vila". Ten tres fillos, unha nena e dous nenos en idade escolar. Moreda, titulado en Lugo como Enxeñeiro Técnico Agrícola, desenvolve o seu labor nos sectores hosteleiro e inmobiliario. O número un da lista socialista dá este paso fronte á resignación e como acto de compromiso coa súa familia cedeiresa, apostando polo seu futuro.

Pablo, de nai traballadora nas fábricas de conservas, transpira salseira en cada poro da súa pel. O seu pai foi ao mar, fíxose con dous barcos e, lonxe de esperar en terra o desembarque do peixe, ia de motorista a defender o pan da súa xente. A familia do candidato socialista é un dos moitos exemplos que proliferaron na nosa terra e que lograron, entre as alentías, sacar adiante aos fillos. Con razón Pablo Moreda Gil sente coma propia a situación do mar de Cedeira e ás súas esforzadas xentes.

Pero por riba de todo, a afiliación socialista de Cedeira apostamos por Pablo Moreda Gil, porque é boa persoa, cercano e traballador. Gústanos tamén que saiba divertirse. Este mundo iría mellor se todos fixésemos o posible por ser felices e facer felices aos demais. Non nos sorprende que aproveitase a súa envergadura, a súa grandeza tamén física, no deporte do baloncesto, tanto como xogador como de adestrador, en lugar de facelo ao servizo de deportes máis violentos.

Con Pablo, o socialismo cedeirés abre, unha vez máis, portas e ventás a novos tempos, conscentes de que en Cedeira se vai producir de novo un cambio para mellor o próximo 24 de maio. Aspiramos con elo a representar humildemente as ansias de progreso democrático, social e económico do noso pobo.

En Cedeira, a 24 de febreiro do 2014

MANUEL PÉREZ RIOLA

